

ORDENANZA FISCAL N.º 14, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS, DEPORTIVOS, CULTURAIS E LECER

Artigo 1.º. Fundamento legal

Consonte co previsto no artigo 57 do RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en relación co artigo 20 da mesma Lei, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigos 15 a 19 do xa citado RD lexislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.

Artigo 2.º. Feito impositivo

1. Está constituído pola realización, por persoas físicas ou xurídicas, de actividades socioculturais, deportivas e recreativas tanto en instalacións municipais coma concertadas.
2. Aos efectos da aplicación da taxa, a obriga de contribuír nace dende o momento en que se formaliza a inscrición nunha actividade e até que remate a mesma, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión nos termos establecidos nesta ordenanza.
3. A baixa nunha actividade solicitarase no Rexistro Xeral do Concello e non eximirá do pagamento do período impositivo correspondente (día, mes ou cuadrimestre) á data de formalización da baixa.

Artigo 3.º. Suxeito pasivo

Están obrigados ao pagamento da taxa por realización de actividades socioculturais, deportivas e de lecer;

1. As persoas físicas que formalicen a súa inscrición nas mesmas nos termos e condicións sinalados no artigo 2.2
2. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a utilización dos locais municipais para calquera das actividades previstas nesta ordenanza.

Artigo 4.º. Responsábeis

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e consonte co procedemento previsto na nova Lei xeral tributaria 58/03, do 17 de decembro.

Artigo 5.º. Cota tributaria.

1. Tarifas.

Establécese unha matrícula por alumno/a das escolas deportivas e culturais así como unha mensuralidade; as actividades puntuais e os obradoiros contan só cunha matrícula. As taxas das actividades, deportivas, culturais e de lecer son as seguintes:

	MATRÍCULA MENSUALIDADE	
ESCOLAS DEPORTIVAS		
1 HORA/SEMANA		5 €
2 HORAS/SEMANA		8 €
3 HORAS/SEMANA	15 €	10 €
4 HORAS/SEMANA		12 €
POR INCREMENTO EN 1/2 HORA		1,25 €
OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE LECER		
CURSOS/EXCURSIÓNS/XORNADAS		
DE MENOS DE 4 HORAS	5 €	
DE 5 A 14 HORAS	8 €	
DE 15 A 24 HORAS	15 €	
DE 25 A 34 HORAS	20 €	
DE 35 A 51 HORAS	25 €	
ESCOLA DE MÚSICA		MATRÍCULA MENSUALIDADE
2 HORAS/SEMANA (colectiva)		10,00 €
MÚSICA E MOVEMENTO (4 e 5 anos)		
2 HORAS/SEMANA (colectiva)		10,00 €
INICIACIÓN MUSICAL (6 anos)		
2 HORAS/SEMANA		30,00 €
INICIACIÓN MUSICAL MÁIS ½ HORA DE INSTRUMENTO (7 anos)		
2 HORAS/SEMANA LINGUAXE MUSICAL MÁIS ½ HORA DE INSTRUMENTO (a partir de 8 anos)	15 €	30,00 €
2 HORAS/SEMANA LINGUAXE MUSICAL MÁIS DOUS INSTRUMENTOS (½ hora cada un)		40,00 €
½ HORA/SEMANA DE INSTRUMENTO		15 €
CURSOS DE VERÁN		40 €
AGRUPACIÓNS MUSICAIS E CORAIS		5 €
ESCOLAS CULTURAIS		MATRÍCULA MENSUALIDADE
1 HORA/SEMANA		7,00 €
2 HORAS/SEMANA		13,00 €
3 HORAS/SEMANA	15 €	15,00 €
4 HORAS/SEMANA		18,00 €
POR INCREMENTO EN 1/2 HORA		1,50 €
IDIOMAS 2 HORAS/SEMANA		25,00 €
OBRADEIROS MAIORES		MENSUALIDADE
1,5 HORAS/SEMANA		7 €
2 HORAS/SEMANA		9 €
POR INCREMENTO EN 1/2 HORA		1,25 €
OUTRAS ACTIVIDADES		
ESPAZO INFANTIL DE XOGO/OUTROS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN		
HORARIO COMPLETO:		

Asistencia sen transporte, por mes	65 €
Asistencia sen transporte, por quincena	32,5 €
Asistencia con transporte, por mes	80 €
Asistencia con transporte, por quincena	40 €
HORARIO REDUCIDO:	
Asistencia sen transporte, por mes	38 €
Asistencia sen transporte, por quincena	19 €
Asistencia con transporte, por mes	46 €
Asistencia con transporte, por quincena	23 €
ACTOS GASTRONÓMICOS	Por ración
Entroido, Magosto, etc.	1 €

Artigo 6.º. Xestión, inscricións e devengo.

As solicitudes para participar nas actividades presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, unha vez aberto o prazo de inscrición, e se tramitarán por rigoroso orde de entrada.

A condición de inscrito nunha actividade esixirá o previo pago da matrícula. Cando se formalice a matrícula anual débese estar ó corrente dos débitos de cursos anteriores.

As cotas das actividades liquidaranse mensualmente e son obrigatorias dende o día primeiro de cada mes.

As baixas superiores a un mes eximirán do pago si se comunican a través do Rexistro Xeral do Concello dentro dos dez primeiros días do mes. As que e comuniquen a partir do día once producirán efectos no mes seguinte.

Cando, por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade non se desenvolva procederá a devolución do importe correspondente.

O Concello de Mugardos establece as seguintes bonificacións destinadas a incentivar a participación dos membros da unidade familiar de convivencia nas escolas deportivas e culturais municipais. Para isto establécense as seguintes bonificacións:

(nos dous primeiros casos, co tope máximo do 100% do IPREM mensual por persoa):

Conceptos de bonificación	Matrícula	Mensualidade
3 ou máis actividades por unidade familiar	50% bonificación na matrícula	50% bonificación na actividade de menor importe.
Familia numerosa	50% de bonificación na matrícula	50% bonificación nas actividades
Casos particulares previa solicitude e estudo, segundo os criterios de servizos sociais (emerxencia)	100% de bonificación na matrícula	100% de bonificación nas actividades

Para os casos particulares, previa solicitude e estudo, segundo os criterios de servizos sociais, a valoración económica será a seguinte:

N.º persoas que compoñen a unidade familiar Porcentaxe sobre o último dato do IPREM

1 persoa	125%
2 persoas	150%
3 persoas	175%
4 persoas	200%
5 persoas	225%
6 persoas	240%
7 persoas	255%
8 persoas	270%

Incrementarase un 10% do IPREM o límite económico por cada membro da unidade familiar.

Tendo en conta, nestes casos, que o límite se incrementa en 300 € máximo, no caso de existir aluguer ou hipoteca da vivenda habitual.

DOCUMENTACIÓN.–O Concello, a través da área de benestar social, tramitará as exencións para o que necesitará o certificado de convivencia, IRPF ou certificado negativo dos maiores de idade, incluídos os fillos de entre 18-25.

No caso das persoas que non fagan declaración da renda, deberán ademais do certificado negativo, aportar dos fillos menores de 25 e maiores de 18 anos, vida laboral, xustificantes de ingresos do último ano (nóminas ou similar), declaración xurada de non percibir prestacións.

O órgano competente poderá non eximir do pagamento das cotas a quen, cumprindo o requisito, non teña cargas familiares ou teña ingresos adicionais que non figuren na declaración da renda e dos que sexa posible obter ingresos mediante a súa explotación. Así mesmo quen acredite unha perda substancial de ingresos con respecto á última declaración da renda poderá ser obxecto da exención.

A familia numerosa acreditarase mediante o título de familia numerosa.

Os obradoiros e outras actividades non serán de aplicación para a concesión de bonificacións de número de actividades por unidade familiar.

A partir do segundo obradoiro e por cada un deles haberá unha bonificación do 25% no prezo da hora semanal acumulable.

Ao longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar. Neste sentido, o/a usuario/a queda obrigado/a a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

O Concello de Mugar dos, establece as seguintes bonificacións (non acumulables) destinadas a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral e á promoción do ocio e lecer saudable das nenas e nenos durante as vacacións, na taxa pola prestación do servizo “Espazo Infantil de Xogo/Outras actividades de conciliación”:

- 50 % de bonificación por cada membro de familia numerosa.
- 50 % de bonificación a partires do segundo membro dunha familia.
- 100 % de bonificación para familias con ingresos inferiores ao 125 % do IPREM.

Artigo 7.º. Conceptos fiscais

Poderanse levar a cabo actividades acordadas con sociedades, clubs ou asociacións. As condicións de financiamento das Escolas incluídas nos convenios que se establezan coas sociedades, clubs ou asociacións, determinarase ao comezo de cada curso escolar.

Artigo 8.º. Partidas falladas

Considéranse partidas falladas ou créditos incobráveis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruirase o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.º. Obriga de pagamento

As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 10.º. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 11.º. Dereito supletorio

Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.